

1. Le o seguinte texto.

Unhas festas diferentes

O timbre da porta non paraba de soar, pero ninguén facía caso.

A avoa estaba na cociña preparando manteigadas; a nai, no despacho cos ollos cravados na pantalla do ordenador, Manuel e o seu grupo, Os Tronos, ensaiaban no seu cuarto as novas melodías; e Miriam miraba os debuxos na tele. O timbre insistía.

- Quen é? - preguntou Miriam, que non lles podía abrir aos descoñecidos.

- Curtis – respondeu unha voz.

Curtis era o veciño, e non era bo sinal que estivese do outro lado da porta. Probablemente viña queixarse do ruído que facían Manuel e os seus amigos. Despois de valorar todas as opcións, Miriam decidiu ir buscar á súa nai.

- Non sei como podedes vivir con este ruído! - exclamou Curtis ao entrar na casa.

- Miriam, dille a Manuel que pare un pouco -dixo a nai.

Pero Miriam non se moveu. Parecía que Curtis ía dicir algo máis e ela quería saber o que era.

- En todo caso, non veño por iso. Veño para comentar a noticia... -dixo, misterioso.

- A noticia? Que noticia? - estrañouse a nai.

- Suspenderon as festas do barrio -dixo o veciño.

- E logo por que? - preguntou a nai desgustada.

- A crise.

Daquela Miriam sí que foi correndo buscar o irmán.

- ¿Que é a crise? - preguntou ao chegar ao cuarto.

- Iso que fixo que nos recorten a paga semanal – respondeulle Manuel sen parar de tocar a batería.

- Pois tamén acabou coas festas do barrio – anunciou Miriam.

- Non pode ser! - exclamou Manuel, e todos deixaron de tocar de golpe.

Deseguida, os mozos, acompañados por Miriam, saíron do cuarto para obter máis información.

- Que despropósito! - exclamou a avoa, que acababa de coñecer a noticia-. Non poden deixar de facer as festas do barrio pola crise! Fixéronse toda a vida!

-É que o concello non ten cartos -dixo Curtis.

- Antes tiñamos menos cartos aínda, pero moita imaxinación! - engadiu a avoa, molesta-. Que cómpre para facer unha boa festa?

- Música! - exclamou Miriam.

- Eu podo facer manteigadas e seguro que os veciños tamén fan biscoitos, filloas, empanadas... - propuxo a avoa.

E así foi. Todos os veciños e veciñas do barrio colaboraron e fixeron unha gran festa, con piñatas, carreiras de sacos e unha morea de xogos populares moi divertidos. Todos bailaron coa grande actuación do grupo Os Tronos.

A verdade é que foi a mellor festa que se fixera nunca no barrio.

2. Responde as seguintes preguntas.

Que facía cada un cando soou o timbre?

Miriam

Manuel

A nai

A avoa

- Que problema ten a veciñanza?

- Como se soluciona?

3. Explica coas túas palabras en que consistiu a festa e como colaboraron os veciños para organizala.

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

ESCRIBIR UNHA INVITACIÓN

PREPARA O TEU TRABALLO

1. Elixe o motivo da invitación. Aquí tes algunhas ideas:

- Unha festa do colexio.
- A inauguración dunha tenda.
- A actuación dalgún artista.

.....

2. Inventa as respostas a estas preguntas sobre o acontecemento que elixiches.

- Quen convida?
- Onde se celebrará?
- A quen convida?
- Que día se celebrará?
- En que consistirá o acto?
- A que hora comezará?

3. Elixe unha destas oracións ou inventa outra para animar esa persoa a que asista.

- Non o podes perder!
- Divertirémonos moito!
- Será inesquecible!

4. Escribe a invitación. Aquí vai un exemplo:

Os veciños do barrio do Mercado teñen o pracer de convidar a a participar no GRAN BAILE DE DISFRACES que se vai celebrar o día 23 de marzo, ás oito da tarde, na praza da Leña. Será inesquecible!

.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....
.....

LEMBRA

Esribese **b** nos seguintes casos:

- Diante de **r**.
- Diante de **l**.
- Despois de **m**.



1 Relaciona cada definición cun debuxo e escribe o seu nome. Todos levan *br* ou *bl*.

Libro sagrado, que é a base do cristianismo. •



Muller que fai feitizos e voa en vasoira. •




É a femia do castrón. •



Peza de roupa. •



2 Escribe os nomes. Todos levan *mb*.



3 Subliña dúas palabras mal escritas en cada oración e cópiaa corrixíndoas.

- Martiño toca o tromvón e Uxío toca o tamvor.

- Na bivlioteca hai moitos libros.

- O meu amigo Vrais é moi amavle.



OS SUBSTANTIVOS

Os substantivos teñen **número**. Poden estar en **singular** (farol) ou en **plural** (farois).
 Os substantivos en singular nomean un só ser ou obxecto.
 Os substantivos en plural nomean varios seres ou obxectos.

1. Arrodea os substantivos que están en plural.

- profesores - radio - iogures - ordenadores
- cámara - lousa - animais - soles

2. Escribe en plural os substantivos destacados do texto.

Por fin chegaron as festas!

Que ganas tiña de que chegasen as festas do meu **barrio**! Mañá pola mañá asistirei ao **espectáculo** de monicreques co meu **curmán** Daniel. Despois iremos ao xantar popular, que se servirá nun lugar próximo ao **río**..... . Á **tardiña**, escoitaremos o **grupo** **Furacán**, no que toca a **irmá** de Vicky. Que ben o imos pasar!

3. Fíxate no exemplo e forma o plural de cada substantivo.

-s		-es		-is	
man	mans	sol	soles	xornal	xornais
sofá		actor		candil	
rei		réptil		farol	

4. Completa cos substantivos que teñen a mesma forma en singular e en plural.

- O próximo iremos ao Vilanova de Arousa. ► xoves /mes
- Adriana gardou o na mochila. ► estoxo/lapis
- Brais meteu o no caixón. ► abrelatas/garfo

1. Completa con h os seguintes nomes:

- ...elicoptero - ...élice - ...amaca - ...armónica - ...iena
- ...eroe - ...oxe - ...ai - ...ora - erba

2. Completa as letras que faltan para formar en cada caso unha nova palabra da mesma familia ca a que se indica.

- hábito ►ual -nía ► harmonioso
-oe ► heroico - herba ►voro
- horta ►iza -ene ► hixiénico

3. Completa as seguintes oracións con formas do verbo haber.

- Xa moito tempo que non te vía.
- Onte que subir moitas escaleiras.
- Cres que mañábandeirolas suficientes para a festa?

4. Elixe a solución correcta para cada adiviña.

Son miúdo e peludo
e gústame o cereal.
Aseméllome ao rato
coma se fose un irmán.

- hipopótamo / hamster

Eu son a túa casa
nas cidades a onde vas.
Un lavabo e unha cama
en min sempre atoparás.

- hórreo / hotel

5. Fíxate nas palabras que non levan “h” en galego, pero sí en castelán:

- Ombreiro (hombro) - oco (huevo) - irmán (hermano)
- óso (hueso) - ovos (huevos)

LEMBRA

Os substantivos teñen **número**: poden estar en singular ou en plural.

Os substantivos en **singular** nomean un só ser ou obxecto. Os substantivos en **plural** nomean varios seres ou obxectos.

Para formar o plural, os substantivos adoitan engadir **-s** ou **-es** á forma do singular.

Alguns substantivos teñen a mesma forma para o singular e para o plural.

1 Subliña os substantivos do texto e clasifícaos.

Incrible!

O científico e os seus axudantes foron ao lago a buscar ras amarelas. Non atoparon ningún animal así, pero descubriron... uns peixes transparentes!



Están en singular

Están en plural

2 Copia cambiando o número dos substantivos destacados e as palabras que cumpra.

- Debuxei un **ourizo** nun **folio**.

Debuxei uns _____

- O **tren** pasou por un **túnel**.
- _____

- Gústame o **olor** da **flor** do **anis**.
- _____



3 Escribe en singular.

- varios crebacabezas ▶ un _____

- dous lapis ▶ un _____

- moitos sacarrollas ▶ un _____

- os martes ▶ o _____